

Crónica

Beirut, a 600 m da explosión

Relato en primeira persoa da devastadora detonación que arrasou o porto e boa parte da capital libanesa este verán.

Entrevista

Albino Prada

Conversa co profesor de Economía aplicada da UVigo que afirma que «os valores do hipercapitalismo téneno penetrado todo».

Adianto editorial

A parte queimada, de Manuel Veiga

O autor de *Galicia contada aos non galeguistas* escribe agora sobre Stalin e Robespierre, uns soños de liberdade que remataron en sangue.

A vivenda dereito e

Cun dos parques de vivenda pública máis baixos do Estado e cifras de ocupación irrisorias en comparación cos desafiuamentos, Galicia tampouco conta a día de hoy un rexistro de vivendas balciras, que se calcula superan as 300.000. Trátase a emergencia social que supón o problema de acceso a un domicilio. A Xunta responde fomentando a alarma da «ocupación».



República

**A mostra (S8): o cine e
a primavera roubada.
O regreso de Piti Sanz.
Festivala, mulleres creando.**



9 772387 143021

A catástrofe das residencias galegas


O máis saliente na evolución da covid-19 en Galicia é a elevadísima porcentaxe de infección e morbilidade nas residencias da terceira idade de xestión privada. E como se concentra naquelas xestionadas por fondos de investimento multinacionais, como o grupo Domus Vi.

Canta xente morreu en Galicia pola covid-19, canta nas residencias e cantas nas privadas de Domus Vi? Desde a primeira morte, o 13 de marzo, até o pasado 25 de setembro, faleceron 726 persoas. Destas, un 44% vivían en residencias da terceira idade. Delas, só unha morreu nunha residencia de xestión pública. Todas as demás en residencias privadas. E, destas, as de Domus Vi acadaron o 42,30% de falecementos, malia contar só co 11,54% das residencias e co 20,75% das prazas en Galicia.

Por que morreu tanta xente nos centros de Domus Vi? Segundo REDE, a Federación galega de asociacións de familiares de usuarios de residencias da terceira idade, no centro residencial de Barreiro-Vigo morreron 47 residentes, no de Aldán-Cangas 38 e no de San Lázaro-Santiago de Compostela 53, malia que os datos oficiais da Xunta seica rebaixan estas cifras a 32, 31 e 39, respectivamente. Semella que as grandes diferenzas coas de xestión pública, e mesmo con moitas outras de xestión privada, teñen moito a ver coa degradación da calidade asistencial de Domus Vi, como os incumplimentos da porcentaxe de persoal (0,35 traballadores/residentes) e, tamén coa experiencia e formación do mesmo.

U-la orixe do Grupo Domus Vi e o seu modelo de negocio? As antigas Caixas galegas, entes sen ánimo de lucro, desenvolvían a primeiros deste século iniciativas sociais para fornecer de atención institucionalizada as persoas da terceira idade que o precisaban. En 2003 Caixanova e a súa participada, o Banco Gallego, mercaron Geriatros, empresa fundada por profesionais vigueses da xeriatría.

En 2005 no goberno de BNG-PSDEG, o vicepresidente, Anxo Quintana, ante a inexistencia dun sistema galego público de atención aos maiores, promoveu atraer o capital social –non público– das Caixas a un proxecto inédito: a Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso), participada nun 45% pola Xunta e o resto polas Caixas. Sogaserso construíu catro grandes residencias: Viveiro, Vimianzo, Ourense e Monforte e mercoulle a Geriatros a de Aldán-Cangas. Un anos despois da volta do PP, a Xunta vendeu o seu 45% ás Caixas, logo NovaCaixaGalicia. A efémera nova caixa autocontratou a xestión das residencias de Sogaserso a Geriatros. En 2012, Geriatros (xestor daquela de 27 residencias) foi vendido ao fondo luso Magnum, que a vendeu á súa vez en 2017 ao fondo francés PAI Partners, que despois integrrou o seu grupo xeriátrico Domus Vi con Geriatros e outras empresas do sector. Domus Vi xestiona hoxe máis de 370 residencias no Estado español, Portugal e Francia. Segundo as súas contas do exercicio 2018, Geriatros, S.A.U. facturou 85 M€ cun resultado bruto de explotación (EBIDTA) de 15 M€. A clave, para a súa administradora única, Josefina Fernández, era maximizar a facturación (máis residentes, prezo da praza privada máis alto, mellor remuneración pola Xunta da praza pública) e tamén reducir os custos: os salariois e os de funcionamento. O orzamento en alimentación por residente en Barreiro-Vigo é só entre 4 e 5 €/día para almorzo, xantar, merenda e cea (120-150 €/mes), cando as prazas privadas custan entre 2.300 e 2.600 €.



4 **Elude ou evade impostos Domus Vi?** A sociedade matriz no Estado español do grupo é Geriavi, S.A.U. con domicilio social en Vigo e propiedade da sociedade francesa Homevi. Malia que as sociedades do sector xeren beneficios, Geriavi adoita ter perdas, por mor da amortización da compra de varias empresas dende 2015. En 2019, con 17,25 M€ de facturación e un resultado de explotación de case 2,45 M€, Geriavi perdese case 11,750 M€, por mor dos 18,26 M€ de débedas con outras empresas do seu grupo, como a titular, Homevi. Todo ben? Nun préstamo de 2015 o tipo de xuro asinado foi do 7,7%, moi superior aos de mercado, tanto que varias filiais de Geriavi asinaron con bancos tipos do 3,9%. Ademais, o grupo consolida as súas contas en Francia cunha sociedade intermediaria do propietario final, o fondo de investimento británico ICG, que tributa na illa de Jersey (entre o 0 e o 1%).

5 **Ten responsabilidade a área de Política Social da Xunta?** Segundo o informe do Consello de Contas de 2017, en 2014 houbo 65 actas de inspección e 57 en 2015 que constataron graves incumprimentos en residencias privadas. En ningún destes casos se resolveu a deficiencia nas seguintes visitas inspectoras. En ningún a Xunta abriu expediente sancionador, impuxo sanción ou medida correctora ningunha. Feijóo negou tres veces coñecer ese informe.

6 **É responsable a área sanitaria da Xunta?** Tamén. A lei prohíbe que ingresen doentes infecto-contaxiosos neste tipo de residencias, o que quere dicir que deben ser evacuados

tan axiña se detecte a doença. A meirande parte dos residentes de prazas concertadas son dependentes en grao II (grave) ou III (moi grave). Con menos grao de dependencia tes que pagar entre 1.900 e 2400 € para unha praza privada. Todo isto cando a rede hospitalaria galega estivo cunha ocupación máxima do 50%. A directora da residencia de Domus Vi en San Lázaro informou ás familias dos residentes que o SERGAS non admitiu a evacuación dos primeiros cinco casos de covid reportados na noite do 18 de marzo até o 23, e manifestou que até Semana Santa non recibiu axuda do SERGAS para medicalizar o centro. Durante 25 días coexistiron residentes infectados con negativos, sen intervención da Xunta de Galicia.

7 **Como vai a investigación parlamentaria e a xudicial?** O grupo parlamentario do PP usou a súa malladora absoluta para vetar a proposta de BNG e PsdeG dunha comisión de investigación parlamentaria. Á Xunta non lle interesa o coñecemento público do que pasou. Mientras, as familias encetaron xa varios procedementos xudiciais. Xa hai abertas investigación penais nos xulgados de instrución da Coruña e Cangas por mortes e lesións graves pola covid-19, mentres está en preparación unha querela por varias mortes ocorridas na residencia de San Lázaro. Mientras, os asesores de REDE preparan unha demanda colectiva polo civil perante os Xulgados de Primeira Instancia de Vigo por incumprimentos contractuais graves e cláusulas abusivas nos contratos con residentes.